

A man with dark hair, wearing a grey long-sleeved shirt and a dark tie, is sitting in a white armchair. He is holding a handgun in his right hand. The background is a dimly lit room with a dark wall and a white chair.

49 | XANEIRO 2022

**NUMAX
PRESENTA:**



Librería



Recomendamos

Lume na periferia.
Para unha historia do cinema en lingua galega

V.V.A.A.

EDITORIAL GALAXIA
20,00€

Cumpridos xa máis de dez dende o nacemento da etiqueta Novo Cinema Galego, parece chegado o momento de facer balance acerca do acontecido na nosa cinematografía ao longo desta última década. Neste sentido, o presente libro non pretende tanto historiar o cinema galego dos últimos anos como propor unha serie de reflexións de carácter poliédrico desenvolvidas por autores que combinan diversas disciplinas (nalgúns casos conflúen varias na mesma persoa), de maneira que poidan resultar complementarias ás xa existentes.

Máis na colección Pantallas

...




Marcas na paisaxe
V.V.A.A.

20,00€
EDITORIAL GALAXIA



De illas e sereas
V.V.A.A.

20,00€
EDITORIAL GALAXIA



Lo que quiero decir Joan Didion

17,90€

LITERATURA RANDOM HOUSE

A recentemente falecida ensaísta estadounidense, viña de publicar no 2021 esta compilación de artigos e crónicas que quedarán inéditos en español. Redactados na primeira parte da súa carreira como xornalista, estes concisos e incisivos textos amosan os intereses esenciais que a convertiron en escritora e abarcan o amplo espectro dos seus temas habituais, desde o acto de escribir ata a crónica social ou política.



13 XAN | 20:30

Las oceánicas,
de **María Ovelar**, coa
autora acompañada
por **Marga do Val**



20 XAN | 20.30H

**Pantallas de lo
maravilloso,**
de **Luis E. Froiz**,
co autor acompañado
polo cineasta
Javi Camino e **José
Luis Castro de Paz**.



O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra Lucía Laín

25,00 €

FUNDACIÓN CIDADE
CULTURA DE GALICIA

Ao máis puro estilo do caderno de viaxes dos últimos románticos, este libro propón un diálogo visual entre a fotografía do tempo pasado e unha ollada actual das realidades e paisaxes que conforman o Camiño Portugués. Unha reflexión sobre o que permanece inmutable e o que se transforma, construíndo unha memoria colectiva do camiño.



27 XAN | 20:30

**Mutaciones en
el espacio público**
(Ed. Bartlebooth)
con **Fran Quiroga**,
coordinador.




QUE VEMOS CANDO MIRAMOS O CEO? ESTREA 7 XAN

Alexandre Koberidze, 150', VOSE, KA, +7
Con Ani Karseladze, Giorgi Bochorishvili

Unha parella moza decide darse cita nun bar tras coincidir diversas veces pola rúa. Pero, como nun conto de fadas, o día do encontro ambos mudan a súa aparencia e son incapaces de recoñecerse.

🏆 **Premio FIPRESCI Berlín 2021**
Premio Especial do Xurado Mar del Plata 2021



MADELEINE COLLINS ESTREA 14 XAN

Antoine Barraud, 106', FR, VOSE
Con Virginie Efira, Quim Gutiérrez

Judith leva unha dobre vida entre Suíza e Francia. Por un lado, Abdel, con quen cría unha filla en común. Polo outro, Melvil, con quen ten dous fillos un pouco maiores. Aos poucos, este fráxil equilibrio vaise fracturando.



TODO FOI BEN ESTREA 28 XAN

François Ozon, 113', FR, VOSE
Con Sophie Marceau, André Dussollier

Aos seus 85 anos, o pai de Emmanuèle é hospitalizado tras un accidente cerebrovascular. Cando esperta, debilitado e dependente, este coleccionista de arte, curioso por natureza e apaixonado pola vida, pídelle á súa filla que o axude a morrer.

🏆 **Sección Oficial Cannes 2021**



NO SOMOS NADA ESTREA 28 XAN

Javier Corcuera, 110', ESP, VO
Con Evaristo Páramos

La Polla Records, unha das bandas máis lendarias do punk, regresa para dicir adeus. Con motivo da xira definitiva do grupo, o seu vocalista, Evaristo Páramos, revive 40 anos de historia desde a súa vila en Euskadi.

Os Ollos Verdes



PLAN CUL LA PRALINE PASE ÚNICO 10 XAN

VV.AA., 75', ESP, VOSE

Sesión composta por sete creativas curtametraxes de animación que exploran, desde o humor, a parte máis escura do amor e a sexualidade.



DOROTHÉ NA VILA

PASE ÚNICO 17 XAN

Olaia Tubío & Alejandro Gándara,
85', GAL, VO, TP

Novo e último pase deste emocionante documental que segue as pegadas de Dorothe Schubart, musicóloga suíza que chegou a Galicia nos anos 70 na busca de cancións tradicionais.



BEIRAS. VIVIR2VECES PASE ÚNICO 31 XAN

Pepe Coira & Gaspar Broullón
& Jorge Coira, 70', GAL, VO

Político, economista, profesor universitario, activista, músico, tradutor, viaxeiro, fotógrafo, ensaísta, conversador... Xosé Manuel Beiras é un e moitos. E, con todo, estaba pendente abordar nun documental algo do que é, cal é a súa vida, cales son as súas vidas.

+ Presentación e coloquio
co equipo do filme

Retrospectiva Aki Kaurismäki



O OUTRO LADO DA ESPERANZA 4 XAN

Aki Kaurismäki, 98', FI, VOSG, 2017
Con Sakari Kuosmanen, Sherwan Haji

Helsinki. O mozo Khaled chega oculto nun barco de carga procedente de Siria. A súa solicitude de asilo é rexeitada, pero decide ficar igualmente na capital finesa.

🏆 Mellor Dirección Berlinale 2017

Fritz Lang na India



O TIGRE DE ESNAPUR 11 XAN

Fritz Lang, 101', ALE, VOSE, 1959

Con Debra Paget, Walther Reyer

Harald é un afamado arquitecto cuxos servizos foron demandados polo maharajá Chandra do reino de Esnapur. De camiño, Harald salva a bela bailarina Seetha do ataque dun tigre.



A TUMBA INDIA 18 XAN

Fritz Lang, 96', ALE, VOSE, 1959

Con Debra Paget, Paul Hubschmid

Segunda parte d'*O tigre de Esnapur*. O arquitecto europeo Harald Berger e a bailarina Seetha son capturados polos homes de Chandra. Mentres tanto, Ramigani planea arrebatarlle o poder ao seu irmán, servíndose dos seus aliados en palacio.

Nouvelle Vague. As orixes do movemento



VIVIR A SÚA VIDA

25 XAN

Jean-Luc Godard, 83', FR, VOSE, 1962

Con Anna Karina, Sady Rebbot

Nana é unha moza de provincias que abandona o seu marido e o seu fillo para tentar iniciar unha carreira como actriz en París. Sen diñeiro, a súa caseira bótaa de casa motivo polo que Nana decide exercer a prostitución.

🏆 Premio Especial do Xurado Venecia 1962

Pases especiais



FRANCISCA

28 XAN

Manoel de Oliveira, 166', PT, VOSE, 1981

Con Teresa Menezes, Diogo Dória

Obra de culto de Manoel de Oliveira que narra a historia de amor do escritor Camilo Castelo Branco e Fanny Owen, unha moza de orixe inglesa que, á súa vez, namora dun compañeiro, amigo e rival do escritor, José Augusto.

Petis Numax



MIRONINS

ESTREA 2 XAN

Mikel Mas Bilbao & Txesco Montalt, 56', ESP, VO, TP

Tres pingas de pintura cobran vida nos cadros de Joan Miró para vivir divertidas e surrealistas aventuras no fascinante universo da arte e a imaxinación. Recomendado para nenos e nenas de 3 a 7 anos.

🏆 Nomeado a mellor filme de animación Goya 2021

NUMAX NA ESCOLA 2021/2022



**EDUCACIÓN
INFANTIL,
PRIMARIA,
SECUNDARIA
E BACHARELATO**

Proxeccións educativas para infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Unha proposta ampla e variada, con obras seleccionadas e premiadas en festivais internacionais, que agrupamos por eixos temáticos para unha doada adaptación ás necesidades curriculares do profesorado.

Infórmate en escola@numax.org



**Filme
do mes:**

O CONTADOR DE CARTAS ESTREA 5 XAN

Paul Schrader, 112', VOSE, ING, +16

Con Oscar Isaac, Tye Sheridan

William Tell (Oscar Isaac) é un exmilitar e xogador profesional de póker. A súa meticulosa vida altermase cando se lle achega Cirk, un mozo que busca axuda en Tell para executar o seu plan de vinganza contra un coronel militar. O veterano director (*Aflición*) e guionista (*Taxi Driver*) Paul Schrader volve cativarnos cun filme hipnótico, máis preto de Robert Bresson que dos clásicos do póker.

 **Sección Oficial
Venecia 2021**

 *El reverendo*
Paul Schrader, 2017
UNIVERSAL [BluRay]

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

   Síguenos en @numaxcoop

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**